

CONVOCATORIA DE PRAZAS NAS RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS DA UDC, CURSO 2025/2026

A Universidade da Coruña (UDC) convoca prazas de aloxamento nas residencias públicas universitarias dos campus da Coruña e Ferrol para o curso académico 2025/26.

PAZAS OFERTADAS:

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña, 100 prazas.
- Residencia Pública Universitaria, Ferrol, 29 prazas

Destas prazas totais realizaranse as seguintes reservas:

RESERVA DE PRAZAS ALUMNADO	RESIDENCIA ELVIRA BAO	RESIDENCIA UNIV. FERROL
Alumnado 1º por 1ª vez	22	5
Alumnado con mobilidade reducida	2	1
Deportistas de alto nivel e alto rendemento	3	1

O período de **duración das estadias** será do **1 de setembro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026**. As entradas durante o mes de setembro posteriores á data indicada, ou saídas durante o mes xuño anteriores á data indicada non implicará modificación de prezo.

DESTINATARIOS:

- Alumnado de grao e máster que se matricule a tempo completo nun centro da UDC, nos campus da Coruña e Ferrol, para o curso 2025/26.
- Para a Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada.
- Para a Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño.
- Para a adxudicación das prazas requirirase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fora do domicilio familiar durante o curso.
- As solicitudes valoraranse de acordo cos criterios académicos e económicos que se sinalan nas bases da convocatoria.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 23 de maio ao 23 de xuño de 2025 ás 14:00 h.

O alumnado que se matricule **por primeira vez na UDC**: cubrirá a solicitude de praza de forma telemática por medio do formulario dispoñible en <https://www.udc.es/gl/sape/aloxamento>. Cuberto o formulario, recibirá, no correo electrónico indicado no mesmo, instrucións para o envío da documentación.

MÁIS INFORMACIÓN:**Universidade da Coruña**

Sección de Bolsas: Pavillón de Estudiantes, Campus de Elviña (15008 - A Coruña)

Tel. 981 167 000

correo-e:

- para consultas sobre a convocatoria: bolsas.residenciasuniversitarias@udc.gal (asunto: "Consulta residencias universitarias /prazas residencias")

- para consultas sobre as residencias: residenciauniversitaria.coruna@udc.es (Residencia Pública Elvira Bao) - residenciauniversitaria.ferrol@udc.es (Residencia Pública de Ferrol)

Web: www.udc.gal/gl/sape/aloxamento